



## Concello de Lourenz

### ACTA

<b>Expediente nm.:</b>	<b>rgano colexiado:</b>
PLN/2020/6	El Pleno


#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	19 de novembro de 2020
<b>Duracin</b>	Desde as 20:30 ata as 21:15 horas
<b>Lugar</b>	Saln de Sesins
<b>Presidida por</b>	rocio lopez garcia
<b>Secretario</b>	Begona Gonzlez Pedregal

#### ASISTENCIA  SESIN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	S
35312108R	AUREA MARA VZQUEZ ABAL	S
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAA	NON
34880827Q	ENRIQUE JOS ROCHA PREZ	S
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRGUEZ BARRERA	S
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	S
71865319W	MANUEL ARANGO RON	S
33844382C	MARIO LEITN RAMALLAL	S
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	S
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	S

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenz

76580879X	rocio lopez garcia	S
-----------	--------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a vlida constitucon do rgano, o presidente abre a sesion, polo que se procede  deliberacion sobre os asuntos includos na orde do da

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACION ACTA DA SESION ANTERIOR DE 17/09/20.

**Favorable**

**Tipo de votacion:**

Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporacion, pola Alcalda, se tian algunha observacion que formular  acta da sesion anterior, de data dezasete de setembro do dous mil vinte (17/09/2020), distribuda coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta de dita sesion foi aprobado por unanimidade dos presentes.

#### Expediente 546/2020. MODIFICACION ORDENANZA FISCAL TAXA PUNTO ATENCION  INFANCIA ( GRATUIDADE 2 FILLO).

**Favorable**


**Tipo de votacion:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcalda e sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuacion:

*Da. ROCO LOPEZ GARCIA, ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZ,  vista do escrito achegado pola Consellera de Poltica Social , Direccion Xeral de Inclusion Social, en relacion cos gasto de mantemento e funcionamento das Escolas Infants ou PAIS DE XESTION MUNICIPAL (Programa especfico de atencion  primeira infancia e centros e instalacions que posibiliten a conciliacion da vida laboral e familiar -PE-12) e concretamente co que se refire  gratuidade da atencion educativa nas escolas infants de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos, prevista no nmero seis do artigo 23 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e para o que se fai necesario que a Corporacion Local adopte o acordo de gratuidade neste senso o que requirra a modificacion da correspondente Ordenanza Fiscal, e polo tanto , esta Alcalda, en aras a poder acollerse  compensacion econmica da Administracion Autnoma e considerando que se trata dunha medida importante para, dende o concello, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes posibilitando a conciliacion entre a vida persoal, familiar e laboral, as como garantir o apoio s familias e  natalidade favorecendo que a poboacion poida ter maior nmero de fillos/as, paliando o*

### Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

costo que leva aparelhado o seu coidado, propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adoptar o acordo de gratuidade da atención educativa no PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “MENIÑOS” para os segundos/as fillos/as e sucesivos a partires do ano 2021.

**SEGUNDO.-** Modificar o Artigo 7.- Beneficios Fiscais, da Ordenanza Fiscal núm.20 Reguladora da Taxa do Punto de Atención á Infancia, engadindo a letra B , coa seguinte redacción: “B.- Gratuidade a partir do 2.º fillo/a e sucesivos da unidade familiar. Deberá ser acreditado documentalmente.”

**TERCEIRO.-** Someter o acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anunciálo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**CUARTO.-** A modificacións da Ordenanzas Fiscal aprobada entrará en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**QUINTO.-** Elevar o acordo a definitivo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuarase o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.”

Seguidamente, o Pleno, tras un breve debate no que por parte do Sr. Pérez Rocha manifestouse que estaban totalmente a favor en ese punto que o único que plantexaban era a posibilidade, indicou que podería considerarse un rogo, de que se estudara se puidera haber, mentres duraba a pandemia e tendo en conta a difícil situación pola que pasaban moitas familias, algún tipo de desconto para o primeiro fillo.

Por parte do voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barreira manifestouse que era da mesma opinión que o concelleiro de BNG., que tamén estaban a favor da proposta da Alcaldía e tamén eran partidarios de que se estudara a outra posibilidade. Pola súa parte, o Sr. Arango Ron, voceiro do equipo do goberno , indicou que el era partidario de que se mirara a capacidade económica de cada familia.

Dado por finalizado o debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redacta e que figura transcrita “ut supra” e en consecuencia , adoptar o acordo de GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA no PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “MENIÑOS” para os segundos/as fillos/as e sucesivos a partires do ano 2021.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenz

**SEGUNDO.-** Modificar o Artigo 7.- Beneficios Fiscais, da Ordenanza Fiscal nm.20 Reguladora da Taxa do Punto de Atencin  Infancia, engadindo a letra B , coa seguinte redaccin: “B.- Gratuidade a partir do 2. fillo/a e sucesivos da unidade familiar. Deber ser acreditado documentalmente.”

**TERCEIRO.-** Someter o acordo plenario s requisitos de exposicin  pblico a efectos de reclamacins, durante trinta das como mnimo, e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletn Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como precepta o art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**CUARTO.-** A modificacins da Ordenanzas Fiscal aprobada entrar en vigor unha vez publicadas no Boletn Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relacin con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Rxime Local. Seguirn en vigor mentres non se acorde a sa modificacin ou derogacin expresa.

**QUINTO.-** Elevar o acordo a definitivo se non se presentan reclamacins  mesmo e continuarase o expediente ata a sa conclusin, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacins presentadas e a nova redaccin da Ordenanza modificada haber de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispn o nmero catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

**SEXTO.-** Facultar  Sra. Alcaldesa, Da. Roco Lpez Garca para a xestin de trmites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execucin do presente acordo.


**STIMO.-** Achegar certificacin do presente acordo a Consellera de Poltica Social, Direccin Xeral de Inclusin Social da Xunta de Galicia para o seu conecemento e efectos oportunos.

### **Expediente 564/2020. CONVENIO DE SERVICIO DE ATENCIN TEMPERA. XESTIN COMPARTIDA.**

**Favorable**

**Tipo de votacin:**  
Unanimidade/Asentime  
nto

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

Visto o contido do Convenio de Colaboración Marco para a Xestión compartida-Agrupación de concellos do Servizo de Atención Temperá no marco da rede galega de Atención Temperá achegado polo Concello de Mondoñedo, e tras un breve debate no que todos manifestaron a súa conformidade co Convenio posto que era similar ó do ano anterior e pola Alcaldía informouse que os dous representantes do Concello que integrarían a Comisión Mixta, de conformidade coa cláusula quinta do Convenio, serían ela e a concelleira D<sup>a</sup>. Mercedes Dengra Sixto, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:

**PRIMEIRO:** Aprobar nos termos nos que está redactado e se transcribe a continuación o CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, sendo o seu contido o seguinte:

“No Concello de Mondoñedo, a .... de novembro de 2020

**REUNIDOS** Os/as Sres. e Sras. alcaldes/-as dos seguintes Concellos:

Abadín, don José María López Rancaño,  
Barreiros, dona, Ana Hermida Igrexas,  
Lourenzá, dna. Rocío López García  
Mondoñedo, don Manuel Angel Otero Legide,  
Pastoriza, dona Elba Carrera González,  
Riotorto, don Clemente Iglesias González,  
Trabada, dona Mayra García Bermúdez  
A Pontenova, don Darío Campos Conde  
Pol, don Lino Rodríguez Ónega

Actuando todos/-as en nome e representación do seu referido Concello e no exercicio do seu cargo, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA) e recoñecéndose mutuamente plena capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio,

**EXPOÑEN:**

**PRIMEIRO.-**A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de prestacións de servizos sociais.

**SEGUNDO.-**De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

**TERCEIRO.-**No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.

**CUARTO.-**No Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá reflíctese no seu artigo 3 entre os principios reitores o de descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. En consecuencia, o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación recoñécese como o idóneo para o desenvolvemento deste tipo de servizo.

**QUINTO.-**A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

SEXTO. -Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

SÉTIMO.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2017, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

QITAVO.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúrase como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (*Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá*), mediante o presente convenio segundo as seguintes CLÁUSULAS PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do Servizo de Atención Temperá, sendo encomendada ao Concello de Mondoñedo, para a súa prestación de forma integral nos termos da Orde da Consellería de Política Social da Subvención para prestar o Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Atención Temperá (*Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Témpera*) que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.

### SEGUNDA. ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos sinalados neste documento.

### TERCEIRA. OBXECTIVO DE COLABORACIÓN

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público
- Minorar os custos antieconómicos da prestación
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles.

### CUARTA. XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO

A xestión do servizo será realizada polo concello de Mondoñedo e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo: aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.). Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

### Condicións concreta das condicións de prestación do servizo:


-O obxecto do servizo de atención temperá estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e o seu contorno, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta. Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación:

1. Contará cun mínimo de 3 integrantes.

2. Será interdisciplinar, polo que estará integrado por profesionais tales como pedagogos/as, psicólogos/as, psicopedagogos/as, logopedas, traballadores/as sociais, educadores sociais, terapeutas ocupacionais, maxisterio, enfermeiros, fisioterapeutas e médicos que deberán posuír: Formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar Ou, alternativamente, acreditar experiencia suficiente nestas materias: mínimo de 1 ano.

-De acordo co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

custo, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:

1. Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as.
2. Desenvolvemento psicomotor.
3. Desenvolvemento cognitivo.
4. Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.
5. Desenvolvemento da autonomía.
6. Desenvolvemento da área social e afectiva.
7. Apoio, información, habilitación e formación da familia.

-A prestación do servizo deberá realizarse en horario de mañá e, un mínimo de tres días á semana, en horario de tarde.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

### QUINTA. COMISIÓN MIXTA. COORDINACIÓN

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

- O seguimento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, se é o caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo

### SEXTA.- ELABORACIÓN DO CATÁLOGO DE CONDICIÓNS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS

Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso.

Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

### SÉTIMA.- SUBVENCIÓNS E AXUDAS

Para a xestión do servizo ACÓRDASE a solicitude de subvención convocadas pola administración autonómica.

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, así como o nomeamento do representante único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

### OITAVA.- FINANCIAMENTO

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será o seguinte: 1000 EUROS ANUAIS POR CONCELLO.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

### NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- Polo vencemento do prazo de vixencia

No caso de resolución do convenio, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

### DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor a día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante todo o período respecto do que se solicita subvención e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O convenio poderá prorrogarse anualmente mediante acordo expreso das partes convenientes até que acade unha duración máxima de catro anos.

### DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación será resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

### DÉCIMO SEGUNDA. NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

### DÉCIMO TECEIRA. XURISDICIÓN COMPETENTE

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdicional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira."

### SEGUNDO.- Nomear como membros da Comisión Xestora ó

Alcalde/Alcaldesa e a concelleiro/a delegado/a de Asuntos Sociais.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo incluída a prórroga do Convenio de conformidade coa cláusula décima do mesmo e sempre que non haxa modificacións nas súas cláusulas.

CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo ó Concello de Mondoñedo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 69/2018. CESIÓN GRATUÍTA DO CENTRO DE SAÚDE Ó SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PÚBLICA**

### **Favorable**

Neste punto do orde do día e unha vez se tivo explicado pola Alcaldía o estivo coñecido o contido da Proposta da Alcaldía de data 10/11/2020, Visto que con data 24/11/2015 o Pleno acordou solicitar ao SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PÚBLICA unha comisión mixta paritaria entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP celebrada o día 10/11/2015. Visto que con data 28/02/2020 pola Xunta de Goberno Local acordouse a sinatura do presente convenio.

**Concello de Lourenzá**







## Concello de Lourenz

Visto que foi achegado polo Rexistro da Propiedade de Mondoedo escritura de Seguranca  
Visto que na Nota Simple Informativa da finca que alberga o Centro de Saude, Numero 15672  
Visto o contido do escrito achegado polo Servizo Galego de Saude, Direccion Xeral de Saude  
Visto que na ORDENANZA FISCAL NUM.2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIONS

1.- Bonificacion a favor de construccions, instalacions e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concellos, entidades locais e demais entidades locais.  
a) O Estado, as Comunidades Autonomas, Entidades Locais e os seus respectivos organismos autonomos, gozaran da bonificacion establecida no art. 104.1 do R.D. 1551/1985, de 10 de outubro, de acordo coa Lei 1/1984, de 26 de marzo, de Bases de Regulacion Xeral do Regimen Economico das Entidades Locais.  
Visto que no Inventario de Bens do Concello de Lourenz, figura como de servizo publico, no apartado de Edificios e no de Solares.

### 1.- INMUEBLES

#### 1.1-DE SERVICIO PUBLICO.

##### 1.1.1.- EDIFICIOS.

NUM. 12.- EDIFICIO DESTINADO A UNIDAD SANITARIA LOCAL TIPO III.- Sito en la denominacion de "Veiga do Atrio" con referencia catastral 27027B0050600.

##### 1.1.2.-SOLARES.

NUM.3.-SOLARES ADQUIRIDOS CON DESTINO A LA CONSTRUCCION DE INSTALACIONES SANITARIAS ADMINISTRATIVAS.

Su valor: 4.326.250 pesetas."

Visto que o Concello debe cumprir co disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens do Concello de Lourenz.  
Finalmente, o Pleno, en votacion ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, acordou o seguinte:  
**PRIMEIRO.-** Aprobar o inicio do expediente de CESION GRATUITA do Centro de Saude de Lourenz, en un espazo de superficie de Catrocentos corenta e cinco metros cadrados (445,00 m2), de propiedade municipal, situado na parcela de referencia catastral 27027B0050600.

#### DATOS DE LA FINCA

Finca Registral Num.15672.

MUNICIPIO: LOURENZ. PARROQUIA. VILANOVA. Num. SN-Paraje. Nombre finca: VEIGA DO ATRIO.

Parcela destinada a Centro de Salud.

En el termino municipal de Lourenz (Lugo) parroquia de Santa Mara ( Villanueva) y en la denominacion "Veiga do Atrio Noroeste"

- Norte, o izquierda, cauce o presa de los molinos de Palacios, segun catastro, finca con Referencia Catastral 27027B0050600.

- Sur, resto finca matriz (registral 8236 de este Ayuntamiento) destinada a aparcamiento de vehiculos.

- Este, o espalda, mas de Dona Trinidad Lopez Fernandez, hoy, sus herederos, segun catastro, parcela con referencia catastral 27027B0050600.

- Oeste, con finca segregada destinada a piscina municipal (parcela con referencia catastral 7948003PJ3174N0001BF, del Ayuntamiento de Lourenz).

Enclavada en esta parcela se encuentra el Centro de Salud de Lourenz, de la superficie construida (incluyendo aleros) de cuarenta y cinco metros cuadrados.

Finca coordinada graficamente con catastro con fecha 2 de septiembre de 2020 con la siguiente lista de coordenadas:

SRID=25829.MULTYPOLYGON(637748.15;4814681.02;637748.74;4814682.38;637758.03;4814681.02;637781.45;4814666;637776;4814668.47;637750.42;4814680;637748.15;4814681.02).

Publicidad Bases Graficas. CSV 22700535E9E039B2.

TITULARIDADE: AYUNTAMIENTO DE LOURENZ, 100% de pleno dominio.

CARGAS DA FINCA: Esta finca queda afecta durante el plazo de 5 anos contados a partir del da 02/09/20 al pago de los impuestos de IBI e ITP, segun lo establecido en el art. 104.1 del R.D. 1551/1985, de 10 de octubre, de acuerdo coa Lei 1/1984, de 26 de marzo, de Bases de Regulacion Xeral do Regimen Economico das Entidades Locais.

Documentos relativos a la finca presentados y pendientes de despacho, vigente el asiento de presentacion, al que se hace referencia en el presente expediente.

**SEGUNDO.-** Desafectar, como tramite previo  cesion, do servizo publico municipal de Lourenz, en un espazo de superficie de Catrocentos corenta e cinco metros cadrados (445,00 m2), de propiedade municipal, situado na parcela de referencia catastral 27027B0050600.

**TERCEIRO.-** Someter o expediente a informacion pblica, por prazo dun mes, a partir da data de publicacion desta resolucion, para que o cidadano interesado poida solicitar a cesion do espazo de superficie de Catrocentos corenta e cinco metros cadrados (445,00 m2), de propiedade municipal, situado na parcela de referencia catastral 27027B0050600.

**CUARTO.-** Facultar  Sra. Alcaldesa, Da. Roco Lopez Garca, para a xestion do expediente de cesion do espazo de superficie de Catrocentos corenta e cinco metros cadrados (445,00 m2), de propiedade municipal, situado na parcela de referencia catastral 27027B0050600.

### **Expediente 452/2018. ALTERACION DE BENS. DESAFECTACION ESPAZO PUBLICO EN SUBBARRS- SANTO ADRAO.**

**Favorable**

**Tipo de votacion:**

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

Unanimidade/Asentimento

Neste punto pola Alcaldía explicouse o contido da súa proposta de 22/10/20, indicando cal era o espazo que se trataba de desafectar, sendo o contido de dita proposta o que se transcribe a continuación:

*“D<sup>a</sup>.ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ ( LUGO), EXPÓN: Que o Concello é propietario dunha área de espazo público cunha superficie de trinta e oito con doce metros cadrados (38,12 m<sup>2</sup>), sito no lugar de Susbarrás, parroquia de Santo Adrao ( T.M. Lourenzá), e que linda ao Norte, con espazo público; ao Sur, con camiño público; ao Leste, con edificación de D. Luís Ferreiro Pérez e ao Oeste, con camiño e edificación de D. Luís Ferreiro Pérez.*

*Dito espazo atópase dentro do Núcleo Rural (CNRT 17- Igrexa-Santo Adrao) e cualificado como Solo de Núcleo Rural, espazo viario.*

*Que á vista da proposta exposta por D. Luis Ferreiro Pérez, con NIF. Núm.\*\*\*5733K, veciño de Susbarrás núm.7, parroquia de Santo Adrao deste término municipal quen mediante escrito de data 12/06/2018, rexistrado de entrada co número 1106 así como o escrito de data 22/10/2020 rexistrado de entrada co núm.945, solicita que dito espazo sexa desafectado por estar interesada na súa compra xa que dito terreo soamente se utiliza para o acceso as súas fincas colindantes.*

*Que visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de fecha 15/10/2020 en relación con dita solicitude, no que se indica que dito espazo facilita o acceso a un único propietario das fincas colindantes e que non existiría inconveniente na súa desafectación sempre e cando o adquirente fora o solicitante.*

*Que visto o informe da Secretaría referente á lexislación aplicable de data 20/10/2020.*


*Considera procedente PROPOÑER ao PLENO do Concello que se inicie, como trámite previo e necesario, un expediente de DESAFECTACIÓN do espazo público antes descrito , pasando de ser ben de servizo público a súa cualificación como parcela sobrante coa cualificación de ben patrimonial para, posteriormente, poder negociar á súa venda, no seu caso. É a miña proposta en Lourenzá a vinte e dous de outubro do 2020.*

A continuación e tras un breve debate no que por parte do voceiro do BNG., Sr. Rocha Pérez, indicouse que non vían ningún problema na desafectación posto que tal e como se desprendía do expediente non había colindantes afectados e nese mesmo sentido

manifestouse o voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, e indicándose pola Alcaldía que o expediente ademais se sometía a exposición pública durante un mes por se alguén tiña algo que alegar, pasouse á votación e o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once e polo tanto co quórum establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/86, ACORDOU:

**PRIMEIRO.-** Alterar, inicialmente, a cualificación xurídica do espazo público cunha superficie de trinta e oito con doce metros cadrados (38,12 m<sup>2</sup>), sito no lugar de Susbarrás, parroquia de Santo Adrao ( T.M. Lourenzá), e que linda ao Norte, con espazo público; ao Sur, con camiño público; ao Leste, con edificación de D. Luís Ferreiro Pérez e ao Oeste, con camiño e edificación de D. Luís Ferreiro Pérez. Dito espazo atópase dentro do Núcleo Rural (CNRT 17- Igrexa-Santo

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenz

Adrao) e cualificado como Solo de Ncleo Rural, espazo viario, e polo tanto desafectalo do servizo ou uso pblico quedando cualificado como ben patrimonial para poder proceder posteriormente e no seu caso, a sa venda ou permuta.

**SEGUNDO.-** Que se someta a informacin pblica por prazo dun mes no Boletn Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello para que poidan formularse as alegacins que se estimen oportunas.

**TERCEIRO.-** De non formularse reclamacins durante o trmite de informacin pblica, considerarase aprobada definitivamente a alteracin da cualificacin xurdica do dito espazo pblico.

### Expediente 889/2019. ALTERACINS DE BENS: DESAFECTACIN ESPAZO PBLICO EN A CAZOLGA-SANTA MARA.

**Favorable**

**Tipo de votacin:**  
Unanimidade/Asentimento

Neste punto pola Alcalda explicouse o contido da sa proposta de 22/10/20, indicando cal era o espazo que se trataba de desafectar e que tratbase dun caso similar  anterior, sendo o contido de dita proposta o que se transcribe a continuacin:

“D. ROCO LPEZ GARCA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZ ( LUGO), EXPN:  
Que o Concello  propietario dunha rea de espazo pblico cunha superficie de cento dezaseis metros cadrados (116 m<sup>2</sup>), sito no lugar da Cazolga, parroquia de Santa Mara ( T.M. Lourenz), e que linda ao Norte, coa parcela 1-100 propiedade dos Herdeiros de D. Jess Rodrguez Polo, actualmente D. Angeles Rodrguez Goas; ao Sur, con pozo de auga e camio pblico; ao Leste con casa e anexo dede D. Angeles Rodrguez Goas e camio e ao Oeste, con camio e edificacin de D. Angeles Rodrguez Goas.

Dito espazo atpase dentro do Ncleo Rural de A Cazolga, parroquia de Santa Mara (Lourenz) e cualificado como Ncleo Rural, espazo viario.


Que  vista da proposta exposta por D. Angeles Rodrguez Goas, con NIF. Nm.\*\*\*\*6765B, vecia de A Cazolga nm.26, parroquia de Santa Mara deste trmino municipal quen mediante escrito de data 04/11/2019, rexistrado de entrada co nmero 2342, solicita que dito espazo sexa desafectado por estar interesada na sa compra xa que, segundo expn,  propietaria da finca nm. 100 do polgono 1, da Zona de Concentracin Parcelaria de Lourenz Norte, e na referida finca, no proceso de concentracin, non lle adxudicaran o citado terreo de 116 m<sup>3</sup> sito ao fronte da sa vivenda cando dito terreo era da sa propiedade, o cal causoulle un grave problema ao quedar como pblico e agora considera que o feito de que sexa desafectado, para poder serlle vendido, non causara prexuízo algn nin ao Concello nin a terceiras persoas.

Que visto o informe do Arquitecto Tcnico Municipal, D. Francisco Damin Prez Rodrguez de fecha 27/02/2020, en relacin con dita solicitud na que se indica que dito espazo soamente facilita o acceso a nico propietario das fincas colindantes, e que no habera inconveniente en proceder  desafectacin sempre e cando o adquirente fora o solicitante.

Que visto o informe da Secretara referente  lexislacin aplicable de data 22/10/2020. Considera procedente PROPONER ao PLENO do Concello que se inicie, como trmite previo e necesario, un expediente de DESAFECTACIN do espazo pblico antes descrito , pasando de ser ben de servizo pblico a sa cualificacin como parcela sobrante coa cualificacin de ben patrimonial para, posteriormente, poder negociar  sa venda, no seu caso.  a mia proposta en Lourenz a vinte e dous de outubro do 2020.”

A continuacin pasouse  votacin e tras un breve debate no que se

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

comentou que era un caso similar ó anterior e que tampouco había colindantes, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión e polo tanto co quórum establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/86, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Alterar, inicialmente, a cualificación xurídica do espazo público cunha superficie de cento dezaseis metros cadrados (116 m<sup>2</sup>), sito no lugar da Cazolga, parroquia de Santa María ( T.M. Lourenzá), e que linda ao Norte, coa parcela 1-100 propiedade dos Herdeiros de D. Jesús Rodríguez Polo, actualmente D<sup>a</sup>. Angeles Rodríguez Goas; ao Sur, con pozo de auga e camiño público; ao Leste con casa e anexo de D<sup>a</sup>. Angeles Rodríguez Goas e camiño e ao Oeste, con camiño e edificación de D<sup>a</sup>. Angeles Rodríguez Goás. Dito espazo atópase dentro do Núcleo Rural de A Cazolga, parroquia de Santa María (Lourenzá) e cualificado como Núcleo Rural, espazo viario.

SEGUNDO.- Que se someta a información pública por prazo dun mes no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello para que poidan formularse as alegacións que se estimen oportunas.

TERCEIRO.- De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerárase aprobada definitivamente a alteración da cualificación xurídica do dito espazo público.

### Expediente 531/2020. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN FESTAS LOCAIS 2021.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día, e tras un debate no que tanto polo voceiro do BNG. Sr., Rocha Pérez como por parte do voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, apuntouse a posibilidade de que este ano polas circunstancias especiais e por suporse que non ía a celebrarse o Antroido podía cambiarse a data para a Festa da Faba que era máis probable que puidera celebrarse, pola Alcaldía indicouse que se intentara cambiar un ano e que houbera moito revuelo e ademais agora xa aparecía publicado como no Calendario Laboral para o 2021, así que ó final e por unanimidade dos presentes, acordouse ratificar a Resolución da Alcaldía de 15/10/20 referente a fixación das Festas Locais para o ano 2021, sendo o seu contido literal o que segue:

*"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

### D<sup>a</sup>. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ ( LUGO).

Visto o escrito código núm. CL20-27 de 25/09/20, Asunto: " Calendario Laboral para o ano 2021" , que foi rexistrado nas oficinas municipais o día 28/09/20 co núm.1777, achegado pola Delegación Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, referente á elaboración do Calendario Laboral para o ano 2021 na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se informa que é necesario fixar os dous días de festas locais antes do próximo día 30 de outubro do ano en curso e tendo en conta que os días festivos locais eran sempre os mesmos, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Fixar como Festas Locais para o próximo ANO 2021 no termino municipal de Lourenzá, as seguintes datas:

16 DE FEBREIRO 2021	MARTES DO ANTROIDO.
30 DE AGOSTO 2021	LUNS DO CONDE SANTO

**SEGUNDO.-** Remitir certificación do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Ratificar a presente Resolución polo Pleno do concello, na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino a presente resolución en Lourenzá a quince de outubro do dous mil vinte."

### **MOCIÓN BNG IBI AGRARIO GANDEIRO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento


Vista a Moción presentada polo grupo municipal do B.N.G., e no que por parte do voceiro do BNG, Sr. Rocha Pérez, despois de ler o artigo 74.2 quater do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e sinalar que neste caso trataríase do sector agrario, indicouse que a moción viña a recoller unha petición feita polo sector gandeiro e que se estaba a facer noutros concellos como Barreiros ou Riotorto, e que se ben a lei permitía unha rebaixa de ata o 95%, eles non solicitaban unha porcentaxe concreta, senón o máximo que se puidera e que o permitiran as arcas municipais.

Pola súa parte a Sra. Alcaldesa apuntou que xa estaban traballando neste tema, que a principal dificultade era cuantificar canto podería supoñer posto que os recibos do IBI non aparecían a nome dos actuais titulares das explotacións, pero que tamén estaban a favor desa medida.

O voceiro do grupo do P. Popular, Sr. Rodríguez Barreira apuntou que o seu grupo tamén ía a votar a favor da moción.

Así pois, dado por finalizado o debate, Pleno, en votación ordinaria e

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Moción de referencia nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que segue:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Tal e como recolle o artigo 74.2 quarter para o mantemento do emprego no municipio, poderase regular unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor do inmovible, nos que se desenrolen actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*

*Dende o grupo municipal do BNG cremos que o sector polo que se recoñece ao noso concello fora do mesmo, é o sector agrario. O cal se encadra perfectamente nas condicións recollidas no citado artigo, facendoi extensible tamén o sector gandeiro.*

*Vivimos épocas duras economicamente, derivadas da pandemia que todos estamos a sufrir. É por iso que calquera axuda que dende esta corporación municipal poidamos aportar será pouca, pero será ,a ben seguro, ben recollida e entendida por todos os Laurentinos/as.*

**ACORDO:**

*Primeiro.- Que o Pleno da Corporación aprobe*

*A declaración do sector agrario e gandeiro de interese e utilidade Municipal.*

*- A aprobación da deducción do IBI, ó máximo posible recollido no artigo 74.2 quarter, para as explotacións agrarias ou gandeiras que demostren actividade profesional en ditos sectores.*

*Segundo.- En consecuencia, iniciar el expediente de MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.*

**SEGUNDO.-** *Facultar a Sra. Alcaldesa para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.*

### MOCIÓN BNG FEIRA RAZAS AUTÓCTONAS.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Unha vez lida a Moción presentada polo grupo municipal do B.N.G., abriuse un pequeno debate no que por parte da Sra. Alcaldesa indicouse que ó equipo de goberno parecíalle unha boa idea, que o feito de que houbera unha vez ano unha feira dese tipo sería bo para o pobo pero que habería que ver que tipo de instalación necesitaríanse porque se fora ó aire libre e coa instalación de corrais parecíalle que non habería problema, que teríase que falar coa federación que se citaba na moción pero se para facelo dentro das instalacións tiñan que levantar toda unha instalación xa feita e só para unha vez ó ano, entón non o vía viable, pero se fora exterior o

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

incluso instalacións provisionais no interior, entón vía máis factible e que tamén habería que pensar que data podía ser a mellor e se a nivel sanitario podería haber algún tipo de problema.

O voceiro do P. Popular indicou que o seu grupo tamén estaba a favor do proposto na moción e incluso o Sr. Rego Rey apuntou que era un pouco recuperar o San Marcial.

A Sra. Vázquez Abal, explicou que a Federación citada indicaría como había que facer, que non habería problema para que votaran unha mao, que probablemente podería ser fora pero que incluso se fora dentro, sería con medidas de contención que non fosen fixas senón provisionais, dixo tamén que a ela constáballe a ciencia certa que había interese por parte dos gandeiros tanto de Lourenzá como doutros concellos, que a nivel de sanitario, dos animais ocupárase ela, que os animais viñas mirados e que este tipo de feira se fixera en Ferreira dous anos, que pensando que fora en verano podería facer fora pero que incluso se era dentro por se chovía, sería con instalacións provisionais, corralillos ou mangadas móbiles

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Moción de referencia, sendo o seu contido literal o que segue:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:** *O grupo nacionalista deste concello segue a pensar en darlle algunha utilidade adicional o Mercado Gandeiro.*

*En plenos anteriores xa presentamos algunha proposta neste senso e como nos parece viable que as instalacións do mercado acollan algunha outra actividade a maiores de albergar o mercado e a pulpería nos días 9 e 28 de cada mes, presentamos esta moción para que sexa tida en conta e levada a votación neste pleno.*

*A viabilidade deste proxecto simplemente pasaría por acondicionar algún tipo de sistema de contención dos animais como currais divididos por razas.*

*A posta en marcha de tal acondicionamento estaría asesorada pola Federación de Razas Autóctonas de Galicia(BOAGA) coa que xa tivemos un primeiro contacto telefónico e expresáronos a súa vontade de colaboración. Estaríamos a falar dunha feira de celebración con carácter anual que podería estar acompañada pola realización nas prazas do pobo dun pequeno mercado con diferentes ofertas onde os comerciantes da vila poderían participar sacando os seus produtos ó exterior dos seus establecementos para así favorecer as posibles vendas e publicidade das súas ofertas. Parécenos que sería unha boa maneira de atraer á xente*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

*carón o noso concello e estimular a nosa economía xa que tamén a hostalaría sairía beneficiada.*

*Pola causa da pandemia que estamos a padecer, entendemos que este proxecto sería para cando as condicións sanitarias o permitan pero estimamos que, no caso de ser aprobado por este órgano de goberno, debe programarse coa suficiente antelación para que todo saia da mellor maneira posible.*

*Por parte deste grupo municipal, ofertámonos a colaborar na organización do evento e na comunicación con BOAGA para cumprir todos os requisitos sanitarios e de benestar animal.*

**ACORDO:** *Que o pleno da corporación: APROBE A CELEBRACIÓN DUNHA FEIRA, EXPOSICIÓN DE RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS NO RECINTO DO MERCADO GANDEIRO DESTE CONCELLO.*

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### **DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA DO TERCEIRO TRIMESTRE 2020.**

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó *TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2020*, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 23/10/2020, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

#### **DACION DE CONTA DO PMP CORRESPONDENTE Ó TERCEIRO TRIMESTRE DO 2020.**

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do *SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2020* relativo ao *CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES* de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpríuse no Terceiro Trimestre do Exercicio 2020, posto que o Período Medio Global foi de 12,73 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 16/10/2020.

### **DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA DENDE A NÚM. 2020-1368 DE 10/09/20 ATA A NÚM.2020-1719 de 13/11/20.**

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 2020-1368 de data 10/09/20 ata a número 2020-1719 de data 13/11/2020 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

### **ROGOS BNG**

Neste punto, polo voceiro do grupo municipal do B.N.G., Sr. Rocha Pérez, presentáronse os seguintes ROGOS:

1.-Na rúa Travesía da Mariña, máis exactamente diante da “vinoteca Morrigan”, existe un buraco de grandes dimensións, que pode causar estragos a vehículos ou peatóns. O buraco formouse na anterior ubicación dunha árbore xa non existente.


ROGO, o arranxo do buraco para evitar posibles accidentes ou incidentes.

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que xa estaba amañado facía máis o menos unha semana.

2.- Durante este ano 2020 estamos a vivir unha grave pandemia sanitaria que conleva con ela medidas de restrición que afectan ó comercio e a hostalería dunha forma máis forte que ó resto de sectores.

Na segunda vaga do Covid vimos como concellos da nosa comarca tiveron, por imposición da Xunta, que pechar os locais de hostalería creando así grandes perdas económicas ós obreiros/as deste sector.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Por iso dende o BNG de Lourenzá cremos que as administracións deben mostrar todo o apoio que esteña na súa man.

**ROGO.**- O BNG de Lourenzá rógalle a Alcaldesa e o equipo de goberno que si ditas restricións afectasen ó noso concello se faga un plan de axuda ó comercio e a hostalería local.

donde por exemplo se condonen os impostos municipais durante o tempo que dure o cese da súa actividade.

Rogamos se estude a posibilidade de condonar o imposto sobre residuos sólidos urbáns a todos os comerciantes, hostaleiros e autónomos mentres dure a crise económica que a Covid-19 está a crear.

A Sra. Alcaldesa dixo que tomaba razón de dito rogo, se ben recordou que xa na primeira vaga do Covid adoptaranse acordos neste sentido, como o referente ó lixo naqueles locais que se viran obrigados a pechar ou ás terrazas no caso dos hostaleiros, que tamén estarían exentas da taxa en todo o exercicio 2021, e se volvera a pasar, parecíalles xusto que se adoptaran de novo medidas de axuda e polo Sr. Arango Ron indicouse que se publicitara a rebaixa no recibo do lixo e que soamente o solicitaran dez ou once, e pola Alcaldía apuntouse que o feito de que non o solicitaran non quería dicir que dende o concello non se ofrecera.

3.-Na rúa "Camino ao cemiterio", o alumeadado público é moi deficiente coa única existencia de 1 farola. A mesma rúa tamén mostra un mal rozado lateral, metendo maleza na beirarrúa.

ROGO, rogamos a mellora do alumeadado público da dita rúa así como da contorna do cemiterio municipal.

Rogamos que se limpe a beirarrúa da maleza existente.

A Sra. Alcaldesa preguntou se referíanse a finca ao lado dereito do tanatorio, onde había unhas pedras e escombros e que, efectivamente, facía uns días, cando se limpou a estrada que viña de Mondoñedo, iso quedara pendente porque había que sacalo cunha pala e en canto a luz, era coñecedora que non había moita luz e non estaba moi segura se había unha pública na porta e onde enganchaba pero que tomaba razón do rogo e se miraría.

### ROGOS P.POPULAR

1.-Rogamos que faciliten locais municipais axeitados para que os partidos políticos do concello poidan celebrar as súas reunións e así favorecer a súa labor de oposición.

A Sra. Alcaldesa indicou que efectivamente fora un fallo dela polo

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

que pedía desculpas, que non se dera conta, que era o local usado polas traballadoras do P.A.I. para o cumprimento do protocolo da Covid e que non se podía entrar nel nin usar para outras cousas, de feito esta última vez xa avisara a María José para que, no caso de que se solicitara o local, puxera outro como a sala de exposicións ou incluso o salón de actos do concello.

2.-Rogamos cubran as escaleiras da entrada ó Colexio Público como dixeron que ían facer fai case 2 anos.

A Sra. Alcaldesa indicou que se solicitara dous veces unha axuda á Xunta de Galicia e que denegárona as dúas veces. O Sr. Rodríguez Barrera indicou que era coñecedor dilo pero que era unha obra que se lla pediran os pais e as nais do colexio. A Sra. Alcaldesa apuntou que tamén a ela e que tería en conta o rogo.

### **PREGUNTA BNG SOBRE OBRAS MOSTEIRO S.SALVADOR.**

Durante estes últimos días estase a realizar, o que parece, o “arranxo” do teito do Mosteiro de San Salvador.

Polo que se pode apreciar, estase a cubrir o teito cunhas capas.

#### **PREGUNTA:**

- 1.- ¿ Que tipo de actuación se está a realizar?.
- 2.- ¿Quen concedeu unha licenza para cubrir cunhas chapas o noso edificio máis emblemático e de maior valor patrimonial?.
- 3.- É esta a forma correcta de coidar o noso patrimonio?.

Pola Sra. Alcaldesa en primeiro lugar indicouse que parecíalle moi ben que fixeran esa pregunta xa que así quedarían enterados e poderían explicarllo ós veciños posto que entendía que era algo que estaba á vista e que era de interese para todos e partindo da premisa de que a ela tampouco lle gustaba moito a idea de cómo íase amañar, informou que o arranxo ía a ser algo provisional e puntual, que íase a sacar parte da cuberta que hai para liberar peso nela e que íano cubrir provisionalmente con chapa, que contaba coa autorización de patrimonio, que obraba no expediente, que era unha autorización con carácter urgente e provisional e por un período de catro anos, que por parte do bispado informaran que tiñan un compromiso da Xunta de Galicia de facer, neste período, un proxecto para amañar a cuberta, que puxéranse en contacto con eles, xa nos meses de setembro e outubro e dixéranlles que o estado do edificio era moi malo, e que, ou se actuaba ou se pasaba outro inverno sen facerse nada, caería todo abaixo así que polo momento tratábase de sacar o que había e a colocación da chapa

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

sería unha medida provisional para salvagardar o monumento en sí, e que analizando a situación, vendo o perigo de que o edificio caese e que seguramente caería cara ó prado e ademais contando cos permisos favorables tanto de Patrimonio como a declaración responsable ante Augas de Galicia, pois parecíalle que mellor era iso que nada, insistindo no seu carácter urxente e provisional, e que o que íase amañar eran arredor de mil seiscientos metros e que o material que se puidera reutilizar tiñan que sacalo e gardalo para cando se fixera a rehabilitación, que así o poñía na autorización de Patrimonio, que estaba todo ben acotado no permiso, que era o que había e que polo menos víase unha intención por parte do bispado de tomar cartas no asunto, e que sabía que tiñan interese de buscarlle unha utilidade pública ou privada e que para o concello calquera opción sería boa, o importante era que se rehabilitara e que houbera algo que fora beneficioso para o pobo.

Preguntando o Sr. Rodríguez Barrera se había algún tipo de compromiso pasados os catro anos, pola Alcaldía deuse lectura o informe do Patrimonio que literalmente era: *“A solución temporal agora adoptada como medida auxiliar de emerxencia para garantir a salvagarda do monumento debe ser revisada e no seu caso substituída por unha solución máis axeitada aos valores culturais protexidos nun prazo non superior aos catro anos.*

Por parte do Sr. Rocha Pérez apuntouse que a medida víaa ben no sentido de evitar que o edificio caese pero que parecíalle un agravio comparativo entre a igrexa e o que pasaba cos particulares para os que todo eran exixencias incluso para cambiar unhas fiestras.

### **PREGUNTAS GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR.**

En canto as preguntas que foron formuladas polo P.Popular, a Sra. Alcaldesa indicoulle ó voceiro do P.Popular, Sr. Rodríguez Barrera que dado que foran presentadas fora de prazo ía a deixalas para a próxima sesión por non sentar un precedente posto que xa pasara na sesión anterior, ó que o Sr. Rodríguez Barrera contestulle que efectivamente recoñecía que foran presentadas fora de prazo e que entendía a postura da Alcaldía, indicando que unha delas, a das obras do Mosteiro, xa fora contestada porque coincidía coa formulada polo BNG. Polo tanto as preguntas que quedarían para a próxima sesión serían:

- 1.-Resolución de alcaldía 2020-1640 da factura con concepto “comida na visita do presidente da Deputación a obras campo de fútbol” por importe de 327,98€, ¿Que nos poden contar de dita comida?
- 2.-Resolución de alcaldía 2020-1683 da factura con concepto “programa de dinamización das parroquias, mes de Outubro, por importe de 1431,83€

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenz

en que consisten eses programas e que empresa  a que factura?  
3.-Estanse facendo obras no Mosteiro, poden darnos algunha explicacin de que obras se estn facendo, e porqu non hai licenza de obra?  
4.-Na xunta de goberno local do 29 de outubro de 2020 aparece unha factura de Talleres Fernando e Manolo por importe de 3590,97, cal  o concepto?  
5.-Na xunta de goberno local do 29 de outubro de 2020 aparece unha factura de xel hidroalcohlico por importe de 6.993, van repartilo entre os nosos comerciantes e hostaleiros?

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenz

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validacin: 5LHTSECRH9XSMMZHZGXDW46Z | Correccin: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pgina 21 a 21